

SENDA PEONIL NA AC-862. ORTIGUEIRA

1. Obxecto da actuación

O obxecto da actuación é a creación dunha senda peonil na marxe esquerda da AC-862, entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 52+290 e 52+809, en Ortigueira; coa finalidade de mellorar a mobilidade sostible cun tránsito peonil seguro entre o núcleo urbano e o aparcadoiro do festival de Ortigueira.

2. Plan de Estradas

A estrada AC-862 *Ferrol (Lím. Concello) - Lím. Prov. - San Cibrao* está dividida en catro treitos:

- Dous treitos, entre os PP.QQ. 1+580 a 15+060 e 48+660 a 57+110, pertencen á Rede Local da Rede Autonómica de estradas de Galicia.
- Os outros dous treitos, entre os PP.QQ. 15+060 a 48+660 e 57+110 a 69+510, pertencen á Rede Estruturante da Rede Autonómica de estradas de Galicia.

3. Descrición da actuación

O trazado da senda coincide co trazado da estrada AC-862, pola súa marxe esquerda, entre os PP.QQ. 52+290 e 52+809; comezando o seu treito nun paso de peóns existente nunha rúa denominada camiño "Cortés", que cruza coa AC-862, e rematando no aparcadoiro do festival de Ortigueira.

4. Características técnicas

- **Seccións tipo:**

AC-862 xeral (agás PP.QQ. 52+361 a 52+383,4)

Cuneta 0,40 m
Senda peonil 2,02 m

AC-862 PP.QQ. 52+361 a 52+383,4

variable (mínimo 1,50m)

- **Explanada:**

- Zona de desmonte: compactado do fondo da escavación.

- Zona de terraplén: entre o inicio da actuación e o P.Q. 52+620 realizarase o compactado da coroación do terraplén ata acadar as características requiridas. Dende o P.Q. 52+620 ao final da actuación colocárase xeotextil sobre o pedraplén e estenderanse 25 cm de solos seleccionados de préstamo.

- **Firmes:**

- **Senda:** 14 cm de pavimento monocapa de formigón HF-4.0 con acabado semipulido, de cor terrizo, e bordo de formigón prefabricado de 20x22 cm.

- **Entradas e accesos a fincas:** 20 cm de formigón en masa HM-20 con malla electrosoldada de aceiro B-500 S ϕ 10 150x150 mm sen coloración. Os accesos a situar sobre as cunetas proxectadas repoñeranse co mesmo formigón, incluída a armadura.

- **Zonas como pasos de peóns ou cruces da senda con outras estradas que se cruzan coa AC-862 :** instálase pavimento podotáctil do tipo direccional ou de botóns con baldosas de 6 cm de espesor, sobre 5 cm de morteiro de cemento e unha base de 10 cm de formigón HM-20.

- **Drenaxe:**

Drenaxe lonxitudinal: instalacións dos bordos, colectores, pozos, arquetas e sumidoiros nos puntos necesarios.

Drenaxe transversal: ampliación da ODT existente no P.Q. 52+795. Na actualidade consiste en dous tubos de 1000 mm que se substituirán por un marco de dimensións 2,5x1,2 m, executado "in situ".

- **Sinalización horizontal e vertical.**

5. Poboación Servida (INE 2024)

Ortigueira 5.418 hab.

TOTAL 5.418 hab.

6. Concellos Afectados

Concello de Ortigueira.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 9 parcelas con expropiación permanente, 1 parcela con ocupación temporal e 1 parcela con expropiación permanente, imposición de servidume e ocupación temporal; todas elas no concello de Ortigueira.

Orzamentos bens e terreos	20.961,59 €
5% de afección	1.048,08 €
Orzamento imposición servidumes	2.484,31 €
Orzamento ocupación temporal	198,55 €
Orzamento total expropiacións	24.692,53 €

8. Prazo de execución

O prazo previsto de execución das obras é de **SEIS (6) meses**.


9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	313.564,47 €
Orzamento Reposición Servizos afectados	6.000,52 €
Orzamento Expropiacións	24.692,53 €
Orzamento Plan de Vixilancia Ambiental	4.950,00 €
Orzamento para coñecemento da administración	349.207,52 €


PLANO DE SITUACIÓN



SECCIONES TIPO



SECCIÓN TIPO DE SENDA. EJE 1P.K. 52+325,3 - 52+361
ESCALA 1:40



SECCIÓN TIPO DE SENDA. EJE 1P.K. 52+361 - 52+383,4
ESCALA 1:40